



PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO PARA OCUPAR UNHA PRAZA DE COORDINADOR/A DE PARQUES PARA PRESTAR SERVIZO NO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Á PROBA TEÓRICA

O Tribunal encargado de xulgar o mencionado proceso de selección, á vista das reclamacións presentadas á primeira proba (proba teórica), e unha vez examinadas as alegacións formuladas polo candidato D. Víctor Antonio Docampo Cancelas en relación ás preguntas da proba teórica con nºs 41,44 e 46 , acordou o seguinte:

- 1) Estimar a reclamación presentada polo recorrente en relación á pregunta nº41 con fundamento no seguinte:
 - Acéptase a argumentación do recorrente xa que na formulación da pregunta non queda claro a qué tipo de calzado se fai referencia e puidera inducir a erro á hora de responder a mesma.
 - En consecuencia, o Tribunal acorda declarar nula esta pregunta e proceder a súa substitución pola primeira das preguntas de reserva, segundo resulta da prelación numérica do cuestionario-test da proba teórica

- 2) Estimar a reclamación presentada polo recorrente en relación á pregunta nº 44 con fundamento no seguinte:
 - Acéptase a reclamación do recorrente xa que a pesar de que a pregunta formulada se refire a cordas utilizadas exclusivamente por bombeiros, non se fai constar no enunciado da mesma , e dado que existen outras cordas que contan coa homologación para intervencións en altura, puidera inducir a erro na resposta.
 - En consecuencia, o Tribunal acorda declarar nula esta pregunta e proceder a súa substitución pola segunda das preguntas de reserva, segundo resulta da prelación numérica do cuestionario-test da proba teórica

- 3) Estimar a reclamación presentada polo recorrente en relación á pregunta nº 46 con fundamento no seguinte
 - Acéptase a argumentación do recorrente dado que nas manetas extractoras a limitación que aparece serigrafiada é a 1000 v, pero a norma permite o seu uso a 1000 v en corrente alterna pero 1500 en corrente continua.
 - En consecuencia, o Tribunal acorda declarar nula esta pregunta e proceder a súa substitución pola terceira das preguntas de reserva, segundo resulta da prelación numérica do cuestionario-test da proba teórica

En relación coas alegacións formuladas polo candidato D. Ignacio Fernández Díaz sobre as preguntas nº9, nº41 e nº43, acordou o seguinte:

- 1) Desestimar a reclamación presentada polo recorrente en relación á pregunta nº9 con fundamento no seguinte:

	IV7FXTQ2ADUNLDJ7SQUFL5ZSGM	Fecha y Hora	17/09/2021 10:53:11	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA (Xefe de Servizo Contratación e Fomento)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FXTQ2ADUNLDJ7SQUFL5ZSGM	Página	1/3	

- O recorrente fundamenta a súa argumentación sobre a base do Decreto 136/2010, do 5 de agosto, polo que se aproba a modificación dos Estatutos do Consorcio Provincial de Lugo, se ben existe unha modificación posterior dos mesmos, a operada polo Decreto 30/2018 que no seu artigo 10 recolle que ao estar adscrito o Consorcio á Deputación Provincial de Lugo a presidencia do mesmo será exercida sempre por un representante da Deputación de Lugo.
De acordo co artigo 14 dos citados estatutos corresponde ao Presidente convocar e presidir as sesións do Pleno e de calquera outro órgano do Consorcio , e decidir os empates co voto de calidade.
Polo exposto a resposta á pregunta formulada só podería ser a letra a.

2) Estimar a reclamación presentada polo recorrente en relación á pregunta nº41 con fundamento no seguinte:

- Acéptase a argumentación do recorrente xa que na pregunta non queda claro a que tipo de calzado se fai referencia e puidera inducir a erro á hora de responder a mesma.
- En consecuencia, o Tribunal acorda declarar nula esta pregunta e proceder a súa substitución pola primeira das preguntas de reserva, segundo resulta da prelación numérica do cuestionario-test da proba teórica

3) Desestimar a reclamación presentada polo recorrente en relación á pregunta nº 43 con fundamento no seguinte:

- Non se acepta a argumentación dada polo recorrente dado que unha autobomba é un vehículo contra incendios e salvamento e por tanto resúltalle de aplicación as especificacións contidas na norma UNE 23900_83. A única resposta posible sería a letra a.
- Non se acepta a argumentación dada polo recorrente respecto de que a nomenclatura empregada para referirse á norma UNE poda inducir a erro na resposta, sendo a forma abreviada unha forma válida e que se usa habitualmente

En relación coa solicitude formulada polo candidato D. Javier Prieto Rivas, por medio da que pedía a revisión das puntuacións do seu exame, e dado que se procedeu á substitución de 3 preguntas polas correlativas preguntas de reserva, os membros do tribunal acordaron realizar unha nova corrección de todos os exames de todos os aspirantes.

Resultas as reclamacións presentadas, e realizadas as revisións oportunas considerando o acordado polo Tribunal nos apartados anteriores, os resultados definitivos da 1ª proba do procedemento (proba teórica), son os seguintes:

Nº DE CONTROL	PREGUNTAS CORRECTAS	PREGUNTAS INCORRECTAS	PREGUNTAS EN BRANCO	PUNTUACIÓN TOTAL PROBA
02	17	12	21	2,2
06	28	1	21	5,6
07	27	14	9	4,0
08	18	14	18	2,2
09	22	16	12	2,8
10	24	18	8	3,0
11	34	11	5	5,8

	IV7FXTQ2ADUNLDJ7SQUFL5ZSGM	Fecha y Hora	17/09/2021 10:53:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA (Xefe de Servicio Contratación e Fomento)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FXTQ2ADUNLDJ7SQUFL5ZSGM	Página	2/3





12	39	4	7	7,4
13	18	12	20	2,4
14	26	5	19	4,8
16	24	15	11	3,4

4) Fixadas as cualificacións definitivas da 1ª proba do proceso, o Tribunal adopta os seguintes acordos:

- Publicar a resolución das reclamacións presentadas xunto coa relación das puntuacións definitivas obtidas polos/as aspirantes na páxina web e no taboleiro de anuncios do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento e da Deputación Provincial de Lugo.
- Fixar a data do segundo exame (proba práctica) para o venres 24 de setembro de 2021 no Salón de Plenos da Deputación Provincial de Lugo, ás 11 horas da mañá.

En Lugo, a data da sinatura dixital

O PRESIDENTE DO TRIBUNAL

Asdo. José Domingo Rodríguez Ferreira

	IV7FXTQ2ADUNLDJ7SQUFL5ZSGM	Fecha y Hora	17/09/2021 10:53:11
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA (Xefe de Servizo Contratación e Fomento)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FXTQ2ADUNLDJ7SQUFL5ZSGM	Página	3/3

